

A Cultura do Liño

*Á memoria dos liñeiros de Cela
e de Sra. Consuelo, Rosario e Do-
lores, últimas tecedeiras.*

*Por alí vai un camiño,
por alí vai un carreiro,
por alí vai un camiño
que vai dar ó fiadeiro.*

A antiguidade dos tecidos galegos atopa testemuños directos na arqueoloxía a través dos hachádegos de pesas dos "telares" na cultura dos castros. Nin na época romana nin tampouco durante toda a idade media faltan continuas referencias documentais sobre todos dos tecidos de liño, no que o cultivo é de tal tradición que aparece reflectido amplamente na súa toponimia: liñar, pedra da liñaza, Liñares, Liñeira... A partires da competencia industrial o seu cultivo e polo tanto, o tecido cae practicamente en desuso. O liño xuntamente coa láforon as materias primas fundamentais na

elaboración dos tecidos (1). Os tipos e formas repítense en todo o país, pero a cobiza das xentes do campo levou a discriminala calidade e a cantidade dos lenzos que se manufacturaban. Así este cultivo traducirase nas festas, na casa e no vestir cotiáns en símbolo de necesidade, de riqueza ou da arte segundo a clase social á que nos estemos referindo: non son iguais os manteis de estopa e farrapos da xente labrega que as colchas de fino liño e encaixes dos señores dos pazos ou da xente fidalga.

Etnográficamente a produción de liño trátase sempre dun traballo considerado feminino executado en "telares" de reducidas dimensións e escasa complexidade técnica, pero tamén feminino o seu cultivo onde a preparación desta fibra vexetal estivo sempre orientada cara a unha produción de autoconsumo no vestir. Isto que poderíamos dicir xorde dunha necesidade básica do home dá orixe tamén a toda unha cultura que se espallará en tódalas ordes da vida. Nunha estrutura minifundista basada no policultivo e que coexiste co cuidado do gando á diferenza doutras comunidades peninsulares provoca que o labrego traballe inicialmente só na súa veiga, rodeado doutros veciños nas súas mesmas condicións, situación ésta que produce ou ben tensións fundamentalmente traducidas en pleitos sobre lindes, camiños e herdanzas ou ben motivo de acontecementos sociais distraedores como as sementeiras, as muñadas, as foliadas e as fiadas (2).

Xa Cela en 1752 no Catastro do Marqués da Ensenada á pregunta undécima referente ós froitos que se recollen na feligresía, responde que amais de viño, trigo, centeo, millo e freixóns recolle liño que en terras de primeira calidade de regadío, no segundo ano, produce oito lagueiros en bruto e de cada un sácase un ferrado e medio. De liñanza recóllese o ferrado e medio que se botou e en terras de segunda calidade no mesmo segundo ano produce cuarta parte menos que na primeira e a semente a mesma que se botou.

Outra constatación do cultivo do liño na nosa parroquia ofrécea a comunicación anual dos premios que convoca a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago no ano de 1785 e sucesivos onde entre outras modalidades fálase de premiar á persoa que colla maior cantidade de liño e ó que presente a peza máis fina e máis branca de tecido.

O CULTIVO

A finais do mes de marzo era a sementeira do liño aunque había quen o acompañaba co millo entrado o mes de maio. Para isto buscábanse terras de regadío que se labraban e picaban procedendo a abrir uns regos formando entallóns do mesmo xeito que aínda hoxe se fai co centeo e co trigo. Logo botábase a **liñaza**, semente que ben muda proporcionaba unha fariña moi empregada nas cataplasmas xeralmente aplicadas nas pantorras, proedno moito e botábase a eito na terra "a treboliño", é dicir, "ben acharitda".

Namentres medraba o liño os coidados reducíanse a tres ou catro regas para as que xa se deixaran unhas bocas ou entallas nas tornas do medio dende a presa para así facilita-la repartición da auga en toda a veiga á vez.

O liño tuvo unha rifa co trigo

díxolle o trigo ó liño:

. cala ti liño liñada que ós tres días xa es nada

díxolle o liño ó trigo:

- cala ti trigo burlón que estás quince días debaixo do terrón.

Chegado o mes de xullo a planta cobre os campos de flores azuis, aínda que hai varias clases, á espera de porse amarelo como o millo, momento en que se considera seco. No **talo** as fibras paralelas interiores á casca ou corteza producen a materia necesaria para a elaboración textil posterior no canto da **bagaña** que lle quedaba a semente coma a "cebola do reló" que será o que se ripe despois. O estar seco arrincábase e a mocidade previda de tal acontecer procedía a tumba-lo liño botándose a rolos. Era o día de liñar e segundo se dicía "tumbábano e máis ben" un divertimento que complicaba o labor e fastidiaba ós donos. Levábano a cabo homes e mulleres indiferentemente só que aquí coma noutras moitas cousas da nosa vida labrega entraba a picaresca. Xeralmente coma os pais eran os que mandaban, os fillos obedecían e os rapaces e non tan rapaces (disque o demo non quixo nada con eles) alá se arranxaban para ir en parellas ben de día ben de noite "para facer mal".

O arrincalo púñano en manadiñas cruzadas ou "**maneles**" efectuada polas mulleres ó que lle seguía o relevo dos homes para proceder a ripar e

así quitárlle-la bagaña ou cabeza do liño que contén a semente ou liñaza tamén chamada **semella** por medio dun aparello coñecido coma o **ripo**, consistente nuns dentes afiados de ferro incrustados nunha base de madeira que se enterraba no chan e onde os ripadores cada un do seu lado ripaban a semente ó seu paso polos dentes.

Coa casca ou palla resultante facíanse un manoxiños chamados **lagueiros** listos para seren enlagoados e botados a remollo durante un período aproximado de quince días. Para tal efecto, ás beiras dos ríos, xeralmente en soutos comunais, existían uns lagos que a través dunha presa dende o río comunicaba a todos eles con auga corrente para que non pudrisen. Os lagueiros púñaselles paus e pedras para que non aboiasen, despois víase se o liño tiña dureza, senón deixábanse uns días máis. En Cela, cada casa matriz, máis ou menos posuía o seu lago e así existían diseminados pola parroquia: en Amieiro, nas Abeleiras, no Inferno, no Agouso e Pena, nos Carballiños, na Cerca, nos Seforos, na Seara, na Miranda e no Tombo da Torre, onde se conserva o topónimo dos Lagos. Estes eran propiedade privada en canto o seu usufructo en terreos comunais mesmo se recollían nos testamentos e cupos de herdanza e xeralmente estaban ben delimitados na realidade, ás veces marcábanse cunha árbore coma un carballo, por exemplo. Os lagueiros unha vez sacados do mollo (para o que un home en xiroas metíase no lago) e desatados lavábanos ben "para que non levasen gaspallos" e púñanos a secar extendidos ben no propio souto ben nas laxes e mesmo téñenos levado á Costagrande por falta de espacio con tal de que pegase ben o sol. Durante oito días deixábanse a secar. Unha vez enxoiados traíanse para a casa e logo levábanse **ó muiño do masadoiro**, é dicir, un batán movido pola auga que trillaba e mazaba o liño para amansa-la palla.

Na nosa parroquia os mazadoiros ou batáns estaban na Miranda e na Pena, sendo a maza unha peza de madeira rectangular duns cen quilos de peso cuns tres tambores ou rolos estriados e engranados entre sí paralelamente. As cascas do liño saen trilladas quedando o fío interior enteiro e á vista. Esta acción podíase facer manualmente mazando cos **manlles**, consistentes nun mango e un mazo atado con correas. O mazadeiro pagábaselle primitivamente en especie cos mesmos lagueiros de liño e últimamente xa con cartos. Voltábase a traer para a casa en manoxos "como lan envolveita", "xiada" moi livianiña.

Logo quitábaselle-las arestas coa **espadela**, instrumento de pau con forma de machete co que se espadelaba o liño enriba do **espadeladoiro**, pódose as mulleres axeonlladas no chan dando como resultado uns feixiños de liño sen fiar aínda, chamados **estrigas** dispostas xa para ir ó **rastelo**, táboa con puntas de ferro sobre o que se pasan as estrigas par tirárllle-la **estopa**; esta acción coñécese como rastelar ou restelar.

Eu teño tres estriguiñas
Eu teño tres estriguiñas
heinas de restelar
mira Pepa, heinas de restelar
heinas de restelar
o restelo está roto
no me las quiere pasar.

Se che doi a barriga
frega cunha estriga,
e se a estriga é mol
frega un fol
e se o fol é duro
frega contra o muro
e se o muro cai
dillo ó teu pai.

Da estopa, a parte gorda do liño que tamén recibía o nome de **tascos**, aproveitábase para fiar as mulleres con roca e fuso mentres andaban co gando facendo a tea da que sairán xirolas para os homes, mantas de rabichos, trapos... do liño bo facíanse as **madeixas**, feixiños recollidos en voltas iguais para que se poideran **devanar** con facilidade.

A FIADA

Chegado a este punto ten lugar a transformación do produto derivado da planta en fío, labor para o que o vecindario reuníase na adega dalgunhas casas sinaladas coñecidas como **fiadeiros**, orixinando a aparición de determinados xogos e actos lúdicos característicos desta relación social en torno á cultivo do liño.

Unha noite colléronme
nunha fiada de lan
unha noite colléronme
outra non me collerán

Anque vou hoxe á fiada
non vou por levar a roca
vou bailar a muiñeira
que esta noite a min me toca

Para fiar usábanse as **rocas** mailos **fusos**, presentando unha gran variedade de formas e tamaños. Na roca distinguíanse a **astia** ou pau que servía de punto de apoio ás mulleres mentres pastaban co gando. O **cachugueiro**, pauciño retorneadiño de formas variables e o **rocadeiro**, peza

*cunha trenza colgada para suxeita-lo liño que quedaba colgado. O fuso consistía nunha peza de madeira cónica que pescaba o fío de liño retorcéndose e liándose éste, formando as **mazarocas** que veñen sendo as porcións de liño fiado que caben nun fuso. Ambolos dous instrumentos serven indistintamente tanto para o liño como para a lá.*

"Máis gana unha vella co seu fuso fiando que un membrudo garrido de noite beillando".

*Conforme se vai fiando o liño vaise ensarillando, é dicir formando as mazarocas no **sarillo**, instrumento en forma de dúas aspas verticais rematadas nunha travesa e que xiran arredor dun eixo, sostido por un pé, todo el. As madeixas resultantes do liño bo con destino a seren blanqueadas pasarán pola **devandoira**, armazón de pau, xiratorio en horizontal que serve para devana-lo fío e forma-los **novelos**, que unha vez cocidos en auga con borralla para que blanqueen, forman as **meadas**, listas xa para tecer.*

Nas longas e frías noites de inverno, arrimados a carón da lareira xuntábanse as mozas coas súas rocas e fusos para fia-lo liño, sempre custodiadas polas máis vellas, pois nunca faltaban mozos que viñesen a "desafiar".

*Fan que che botan un sono
no fiadeiro as velliñas;
as larpeiras é para ver
que fan namentres as mociñas.*

Nun intre calquera e aproveitamento que o candil esmorecía, comenzaba unha noite de troula chea de xogos e cantares.

*Esta noite hei de ir alá
rapaza non teñas medo
aunque teña que subir
de rodillas o portelo.*

Ata tal punto deberon chegar a profusión das fiadas na nosa parroquia que foron obxecto de instigacións tanto pola moralidade pública como relixiosa:

"Que ninguna persona trabaje los días de fiesta ni de noche tenga en su

casa hiladas ni otro motivo de concurrencia, hombres y mujeres, ni los molineros consientan de noche en los molinos a hombres y mujeres sino que unos y otros los despidan al anochecer...".

(Mandato de 1724. AHPC)

"Habiéndose observado que contra lo dispuesto en las Ordenanzas Municipales vienen celebrándose en algunas parroquias reuniones nocturnas con el nombre de hiladas, recurriendo al Aymo. lo perjudicial que es a la moral la continuación de ellas, acuerda que por conducto del Sr. Alcalde se tomen las oportunas medidas a impedirlo, para ello una de las penas que en las mismas se marcan."

(Concello Pleno de 22 de Xaneiro de 1865. Don Gabriel Estévez, alcalde)

Muiñeira entonada

*No baile do chosco
non sei o que houbo,
as mozas solteiras
romperon un tubo...
testigos son tres
non valen de nada
un era o candil,
outro era a ferrada
e outro era
a filla de Pepe de escarnia.*

*A noite pasada
non sei o que hubo
as mozas solteiras
romperon un tubo...*

*entre todas elas
a min me inculparon
por ver se eu era parvo
e o tubo pagaba.
Eu o tubo non o pago
non, non, non
que valera un real
que valera un patacón
Eu o tubo non o pago
non o pago, non, non, non
que valera unha peseta
que valera un real
Eu o tubo non o pago
que me vaian mandar*

O TEAR

*Como culminación de todo este proceso do traballo do liño as meadas pasan á **tecedeira** de onde sairán as tan apreciadas sábanas finas e **mantenses** (manteis moi elaborados de liño) que despois meteranse na **bagada**, que consiste en pólas a cocer con borrarra de videiras previo pineirado da mesma.*

O tear era todo el de pau, traballábase de pé e as súas partes eran: o orxo (para enrolla-las teas), urdideira, tempereiro, a canal, o liso maila maestra.

Por outra banda, tamén no tear facíanse mantas de lá, trapos, servilletas con debuxo, rabichos... Entre nós había tecedeiras en Hermelo, no Burgo... como testemuño de toda esta cultura perdida pervive a lenda da "pedra da liñaza" nos Tres Camiños que refere que na noite de San Xoán antes de saí-lo sol aparecía unha persoa ofrecéndoche liño que alí estaba a secar, como mostra de honradez e indicativo de inocencia do visionario. Tamén pervive entre nós a expresión "como o liño" que vén a significar a abundancia, cantidade en exceso. Así temos "comer como o liño", "falar como liño", "ter como o liño".

Como seguramente desexarvos unhas boas festas "como liño" sexa hoxe pouco máis ca nada cambiámo-lo dito dicindo que as pasedes "el mundo ben" na compañía dos vosos familiares e amigos.

*Santa María de Cela, xullo e trece
de mil novecentos noventa e seis.*

Asociación cultural Danzadeira.

(1) Historia de Galiza. Ramón Otero Pedrayo. Incluso en **Etnografía: cultura material** (tomo II) de Xaquín Lorenzo Fernández. Akal Editor, Madrid 1979.

(2) Aproximación al arte popular en Galicia. Natacha Seseña e outros. Cadernos Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, A Coruña 1977.